



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE FERROL PARA CONMEMORAR OS 25 ANOS DO PASAMENTO DE GONZALO TORRENTE BALLESTER

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Ferrol o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Ferrol para conmemorar os 25 anos do pasamento de Gonzalo Torrente Ballester.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización desta actividade. Con motivo do 25º aniversario do falecemento de Gonzalo Torrente Ballester, declárase institucionalmente o ano 2024 dedicado a Torrente Ballester. O Concello de Ferrol quere lembrar a "un home realmente importante dentro da cultura galega e española". Poñer en valor o papel decisivo que tivo na cultura galega este persoeiro. "O seu é un dos legados máis abraiantes, creativos, prolíficos e innovadores da nosa literatura"; "Torrente Ballester atopou en Ferrol, a súa terra, o imaxinario e a retranca coa que enchería páxinas enteiras da súa obra, ademais dunha mitoloxía que se encargou de divulgar e popularizar entre o gran público"

Por todo o anterior, o concello de Ferrol é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

